

## BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DA ROMARÍA RAIGAME 2018

Con motivo da celebración da XVII Romaría Etnográfica Raigame, organizada polo “Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández” da Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Celanova, que terá lugar en Vilanova dos Infantes (Celanova-Ourense) o día 17 de maio de 2018, convócase o XVI Concurso de Fotografía “Romaría Etnográfica Raigame”, que estará regulado polas seguintes **BASES**

1. Os interesados poderán participar a nivel individual ou como colectivo, asociación cultural, grupo folclórico, etc.
2. Os temas abordados no concurso deberán recoller aspectos da xornada de celebración da Romaría Raigame que terá lugar o día 17 de maio de 2018 en Vilanova dos Infantes (Celanova-Ourense).
3. O concurso terá 3 modalidades nas que os concursantes poderán participar simultaneamente cun único traballo en cada unha delas:
  - a) Concurso **MELLOR SERIE FOTOGRÁFICA**: premiarase a mellor serie composta por un mínimo de 3 fotografías e un máximo de 5, que deberán ter unha unidade temática e/ou narrativa referente a algún aspecto da Romaría Etnográfica Raigame. A serie deberá ir acompañada dun título e un pequeno texto explicativo do traballo.
  - b) Concurso **MELLOR FOTOGRAFÍA**: non se poderán presentar máis de 3 fotografías por autor. Premiarase unha única fotografía por autor.
  - c) Concurso **MELLOR FOTOGRAFÍA TEMÁTICA**: o motivo dos traballos deberá estar intimamente relacionado co tema central da Romaría Raigame, sendo nesta edición **“Os fotógrafos ambulantes e de rúa”**. As fotografías, que poderán ser tido tomadas en calquera lugar e momento, deberán levar un título e ir acompañadas por un texto explicativo. Só se poderán presentar 3 fotografías por autor, premiándose unha única fotografía.

Todas as fotografías presentadas deberán ser orixinais en cor ou en branco e negro e presentaranse impresas en papel fotográfico acompañadas dun CD cos documentos informáticos orixinais. **O tamaño das fotografías será de 30x40 cm. sen montar** para todas as categorías.

### 4. Premios:

- a) Concurso MELLOR SERIE FOTOGRÁFICA:
  - Premio de 300 euros.
  - Premio de 200 euros.
  - Premio de 150 euros.
- b) Concurso MELLOR FOTOGRAFÍA:
  - Premio de 200 euros.
  - Premio de 150 euros.
  - Premio de 100 euros.
- c) Concurso MELLOR FOTOGRAFÍA TEMÁTICA:
  - Premio de 200 euros.
  - Premio de 150 euros.
  - Premio de 100 euros.

5. O xurado será nomeado polos organizadores da XVII Romaría Etnográfica Raigame e os gañadores das tres categorías poderán ser convidados a formar parte do xurado da próxima edición do concurso. As súas decisións serán inapelables, podendo deixar algún premio deserto e conceder accésits especiais, así como modificar o número de premios e as súas cantidades en función da calidade e o número de traballos presentados.
6. Os traballos deberán ser remitidos antes do 31 de Xullo de 2018 ao “C. C. P. Xaquín Lorenzo”, ou ao Concello de Celanova, baixo pseudónimo, **facendo constar a modalidade na que participa** e acompañados dun sobre pechado onde se incluírán os datos do participante: nome, dirección, teléfono e correo electrónico.
7. Unha vez que o xurado falle os premios, estes daranse a coñecer aos gañadores por correo electrónico e a través dos medios de comunicación. Os premios serán entregados coincidindo coa inauguración da exposición e os galardoados serán citados previamente a través dunha comunicación persoal.
8. As fotografías premidas, xunto cunha selección do xurado de entre os traballos presentados, configurarán a exposición “Estampas dunha romaría”, dentro da programación do festival Outono Fotográfico.
9. Os traballos premiados quedarán en propiedade da Organización, podendo facer uso deles (total ou parcialmente en publicacións, exposicións, carteleira, ou mediante outro medio) nomeando a súa autoría.
10. Os traballos non premiados poderán ser recollidos durante os dous meses posteriores ao 15 de outubro de 2018, no “C. C. P. Xaquín Lorenzo” da Deputación Provincial. Unha vez pasado ese tempo, os traballos pasarán ao arquivo da Organización e poderán ser utilizados nomeando a súa autoría.
11. A participación no concurso implica a total aceptación das presentes bases.